



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Intervención socioeducativa con persoas maiores	Código	615525026	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da SaúdePedagogía e Didáctica			
Coordinación	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina	Correo electrónico	natalia.rivas.quarneti@udc.es	
Profesorado	Avila alvarez, Adriana I.	Correo electrónico	adriana.avila.alvarez@udc.es	
	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina		natalia.rivas.quarneti@udc.es	
	Robles García, Verónica		veronica.robles@udc.es	
	Viana Moldes, Ines		ines.viana@udc.es	
	Zapico Barbeito, Mª Helena		helena.zapico@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A22	CEE2 - Manexar ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise da vulnerabilidade asociada a formas de convivencia e a determinados grupos de idade.
A23	CEE3 - Identificar as dinámicas interxeracionais, biolóxicas e socioeconómicas que xeran situacións de exclusión.
A24	CEE4 - Identificar situacións e procesos de segregación de colectivos vulnerables asociados ao avellentamento demográfico.
A25	CEE5 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito do deseño, a xestión e a avaliación de proxectos de investigación, políticos e sociais sobre situacións de dependencia.
A26	CEE6 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito do deseño, a xestión e a avaliación de políticas de intervención dirixidas á conciliación familiar e ás necesidades dos maiores.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B4	CB4 - Identificar os dilemas éticos e a responsabilidade social tras os retos formulados na práctica profesional e investigadora.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
B19	CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social.
B20	CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas.
B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.
C1	CT1 - Reflexionar, chegar a conclusións e propoñer solucións a través do traballo en equipo.
C3	CT3 - Asumir o reto da interdisciplinidade no desenvolvemento do traballo investigador e profesional.
C4	CT4 - Comprometerse cun exercicio profesional e unha perspectiva investigadora que incorporen a dimensión participativa.
C5	CT5 - Aplicar un razoamento crítico na reflexión teórica e no desenvolvemento práctico do traballo profesional e investigador.
C6	CT6 - Expresarse correctamente, de forma oral e escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
C7	CT7 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e a comunicación necesarias para o exercicio profesional e para a aprendizaxe continuada e autónoma.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar modelos e experiencias de promoción do envellecemento activo e a solidariedade interxeracional comunitaria.	AM22 AM23 AM24 AM25 AM26	BM2 BM4 BM14 BM20	CM1 CM3 CM4 CM5
Integrar os fundamentos do modelo de traballo integral centrado na persoa/grupo/comunidade.	AM22 AM23 AM24 AM25 AM26	BM2 BM4 BM14 BM19 BM20 BM21	CM1 CM3 CM4 CM5 CM7
Deseñar propostas de intervención socioeducativa con persoas maiores dende a perspectiva da interxeracionalidade, comunidade e/ou interseccionalidade	AM22 AM23 AM24 AM25 AM26	BM2 BM4 BM6 BM7 BM14 BM17 BM19 BM20 BM21	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA I.- Paradigma do envellecemento activo e sociedades para tódalas idades	Subtema 1.1.- Evolución socio-histórica dos conceptos ?envellecemento activo? e ?sociedades para tódalas idades? Subtema 1.2.- Envellecemento fisiolóxico + Envellecemento como factor de risco Subtema 1.3.- Risco, vulnerabilidade e exclusión na vellez: perspectivas sociocomunitarias Subtema 1.4. - Xerontoxía: conceptualización, modelos e dimensións de futuro
TEMA II. Deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos e sanitarios na vellez: aproximacións teóricas (I)	Subtema 2.1.- Accións de prevención, promoción e intervención na saúde das persoas maiores Subtema 2.2.- Educación e programas interxeracionais: perspectiva nacional e internacional Subtema 2.3.- Comunidades de aprendizaxe interxeneracional e educación ao longo da vida Subtema 2.4.- Perspectiva cidadá e estratexias de pensamento e acción-intervención sociocomunitaria Subtema 2.5.- Retos de futuro e interseccionalidade na aproximación á vellez



TEMA III. Deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos e sanitarios na velez: experiencias prácticas dende a interdisciplinariedade (II)	<p>Subtema 3.1.- Accións de prevención, promoción e intervención na saúde das persoas maiores</p> <p>Subtema 3.2.- Educación e programas interxeracionais: perspectiva nacional e internacional</p> <p>Subtema 3.3.- Comunidades de aprendizaxe interxeneracional e educación ao longo da vida</p> <p>Subtema 3.4.- Perspectiva cidadá e estratexias de pensamento e acción-intervención sociocomunitaria</p> <p>Subtema 3.5.- Retos de futuro e interseccionalidade na aproximación á velez</p>
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A22 A23 A24 A25 A26 B2 B4 B6 B7 B14 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C7	6	12	18
Actividades iniciais	A25 A23 B19 C6	1	0	1
Estudo de casos	A24 A23 B4 B6 B14 B20 B21 C1 C3 C5	16	24	40
Discusión dirixida	A23 A24 B4 C1 C3 C4 C5 C6 C7	13	0	13
Análise de fontes documentais	A22 A23 A24 A25 A26 B2 B4 B6 B14 B20 B21 C1 C5 C6 C7	4	12	16
Portafolios do alumno	A23 A24 B2 B4 B7 B14 B17 B19 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	2	10	12
Aprendizaxe servizo	A22 A23 A24 A25 A26 B2 B4 B6 B7 B14 B17 B19 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	2	8	10
Seminario	A22 A23 A24 B2 B4 B6 B7 B14 B17 B19 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	6	12	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	A23 A24 B4 B14 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	2	4	6
Proba oral	A22 A23 A24 A25 A26 B2 B4 B6 B7 B14 B17 B19 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	4	12	16
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Estas actividades informarán o traballo final que se presentará dentro da actividade "proba oral";
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc. Este portafolios será o material empregado para facer reflexión crítica do proceso de aprendizaxe, que será avaliado.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo. Nesta materia, o alumnado traballará nun proxecto partindo da análise das necesidades da realidade coa que tivesen contacto.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Proba oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Neste caso, presentárase o traballo desenvolvido coma aprendizaxe colaborativa e aprendizaxe servizo e informada polas reflexións do portafolios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba oral Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada consiste en titorías grupais ou individualizadas, presenciais ou por internet, para poder facer as revisións do traballo, respecto ao proceso de elaboración así coma a súa presentación.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A23 A24 B2 B4 B7 B14 B17 B19 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	Deberá entregarse un cartafol no que se recolla unha descripción e reflexión crítica sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe vivido ao longo da materia (actividades docentes, traballo grupal, etc.)	30
Proba oral	A22 A23 A24 A25 A26 B2 B4 B6 B7 B14 B17 B19 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C6 C7	Presentación oral (do traballo desenvolvido ao longo da materia mediante aprendizaxe colaborativa e servizo) ? Defensa grupal Traballo entregado (15%) Presentación oral (15%) ? Defensa individual-ante preguntas das avaliadoras (25%)	55
Aprendizaxe colaborativa	A22 A23 A24 A25 A26 B2 B4 B6 B7 B14 B20 B21 C1 C3 C4 C5 C7	Avaliarase a participación e contribución individual no traballo desenvolvido na aula.	15

Observacións avaliación

Recoméndase os envíos dos traballos telematicamente e, de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bermejo García, Lourdes. (2010). Envejecimiento activo y actividades socioeducativas con personas mayores: guía de buenas prácticas. Madrid: Médica Panamericana. Causapie Lopesino, Purificación. et al. (2011). Envejecimiento activo: Libro Blanco. Madrid: Imsero. Disponible en: http://www.imsero.es/InterPresent2/groups/imsero/documents/binario/8088_8089libroblanc_oenv.pdf Bernard, Miriam e Ellis, Stephen W. (2007). ¿Cómo sabes que la práctica intergeneracional funciona? Guía para iniciarse en la evaluación de la práctica intergeneracional. En Mariano Sánchez Martínez (dir.) La evaluación de los programas intergeneracionales (p. 132-146). Madrid: IMSERSO. ENIEC ? European Network on Intercultural Elderly Care | Network | Pigmentzorg. (n.d.). Recuperado de: <https://www.pigmentzorg.be/toolbox/fiche/eniec-european-network-on-intercultural-elderly-care> Fransen, H., Pollard, N., Kantartzis, S., & Viana-Moldes, I. (2015). Participatory citizenship: Critical perspectives on client-centred occupational therapy. *Scandinavian Journal of Occupational Therapy*, 22(4), 260-266. <https://doi.org/10.3109/11038128.2015.1020338> García-Fariña, A., Viana-Moldes, I., Rivas-Quarneti, N., & Miguens-Vázquez, X. (2016). Estudio documental de las necesidades ocupacionales de la población del ayuntamiento de Fene. *Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG*, (25), 17. Moody, H. R., & Sasser, J. R. (2015). *Aging: concepts and controversies* (8th ed). Thousand Oaks, CA: SAGE. Morgan, L. A., & Kunkel, S. (2016). *Aging, society and the life course* (5th ed). New York: Springer. Sánchez, Mariano; Kaplan, Matthew e Sáez, Juan (2010). *Programas intergeneracionales. Guía introductoria*. Madrid: IMSERSO. Trabensol - Centro Social de Convivencia para Mayores. (n.d.). Recuperado el 13 de Agosto de 2017, de <http://trabensol.org/Outra Forma de Vivenda>. (n.d.). Inicio. Recuperado el 13 de Agosto de 2017 de <http://outraformadevivenda.org>



Bibliografía complementaria	<p>Abellán García, A., Ayala García, A. & Pujol Rodríguez, R. (2017) Un perfil de las personas mayores en España, 2017. Indicadores estadísticos básicos. Madrid, Informes Envejecimiento en red nº 15, 48 p. [Fecha de publicación: 31/01/2017; última versión: 27/03/2017]. &lt;http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/enred-indicadoresbasicos17.pdf&gt;</p> <p>Alemán Bracho, M. d. C., & Martín García, M. (2014). Envejecimiento y derechos humanos. Miscelánea Comillas: Revista De Ciencias Humanas y Sociales, 72(140), 227-255.</p> <p>Álvarez, A. I. A. (2003). Técnicas no farmacológicas en la enfermedad del Alzheimer. Agathos: Atención sociosanitaria y bienestar, 3(4), 4?10.</p> <p>Buendía Vidal, J., ed. lit. In Buendía Vidal J., ed. lit (Ed.), (2010). Gerontología y salud : Perspectivas actuales. Madrid (sp): Biblioteca Nueva.</p> <p>Bermejo, Lourdes (2012). Envejecimiento activo, pedagogía gerontológica y buenas prácticas socioeducativas con personas adultas mayores. Educación social. Revista de Intervención Socioeducativa, 51, 27-44.</p> <p>Bocanegra, N. M., Puente, C. P., & Álvarez, A. I. A. (2012). Terapia asistida con animales. In Neurorehabilitación: métodos específicos de valoración y tratamiento, 2012, ISBN 978-84-9835-410-2, páxs. 465-471 (pp. 465?471). Editorial Médica Panamericana. Retrieved from https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5272889</p> <p>Debra J, Rose. Equilibrio y movilidad con personas mayores. Segunda edición. Badalona: Paidotribo, 2014</p> <p>Guccione, Andrew A. Geriatric physical therapy. 2nd edition. St. Louis: Mosby, 2000.</p> <p>Hatton-Yeo, Alan (2007). Programas intergeneracionales, solidaridad intergeneracional y cohesión social. En Mariano Sánchez Martínez (Dir.) Programas intergeneracionales. Hacia una sociedad para todas las edades (p. 123-140). Barcelona: La Caixa.</p> <p>Hernando Ibeas, M. V. (2004). Habilidades de comunicación con las personas mayores. Envejecimiento y sociedad: Una perspectiva pluridisciplinar (1ª ed., pp. 103-141) Universidad de La Rioja.</p> <p>Hernando Ibeas, M. V. (2006). Teorías sobre el fenómeno del envejecimiento. Envejecimiento activo, envejecimiento en positivo (1ª ed., pp. 37-64) Universidad de La Rioja.</p> <p>Hooyman, N. R., Kiyak, H. A., & Kawamoto, K. (2015). Aging matters: an introduction to social gerontology. Boston: Pearson.</p> <p>Izquierdo Martínez, A., & Izquierdo Dopf, A. (2005). Psicología del desarrollo de la edad adulta: Teorías y contextos. Revista Complutense De Educación, 16(2), 601-619.</p> <p>Mondragón Ruiz de Lezana, Miren Jaione. (2011). Condiciones de vida y ausencia de bienestar de las personas mayores. Oñati Socio-Legal Series, 1(8), 3-23.</p> <p>Powell, J. L. (2013). Globalization and global aging. New York: Novinka.</p> <p>Rivas-Quarneti, N., Movilla-Fernández, M.-J., & Magalhães, L. (2017). Immigrant women?s occupational struggles during the socioeconomic crisis in Spain: Broadening occupational justice conceptualization. Journal of Occupational Science. Retrieved from http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/14427591.2017.1366355</p> <p>Piñeiro- Silva, I., Rivas-Quarneti, N., Feal-González, R., & Movilla-Fernández, M. (2014). Él ya no es él. Participación de la familia en las ocupaciones de la persona mayor que vive en un centro residencial. Revista Electrónica de Terapia Ocupacional Galicia, TOG, (19), 10-19.</p> <p>Tobío Soler, C. (2008). Redes familiares, género y política social en España y Francia. Política y Sociedad, 45(2), 87-104.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A materia é obrigatoria para o estudantado que escolle o itinerario de Envellecemento e transformacións familiares. Estará aberta tamén aos/ás estudantes doutros itinerarios, ou aos/ás que deciden non especializarse.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías